


CCNN

Esta materia desenvolverase a través dunha plataforma educativa chamada *KAHOOT!*. A actividade consistirá en resolver un cuestionario con preguntas relacionadas coa Unidade 1 “Os seres vivos”.

Para acceder haberá que premer no seguinte enlace:

https://kahoot.it/challenge/0980309?challenge-id=0d00e0bb-4860-4e23-b6bc-5161261d5753_1587200944003

Apareceravos esta páxina onde o alumnado soamente terá que introducir un nome (1) e clicar sobre “Ok, go!” (2).



CCSS

Deixámosvos unha carpetiña sobre o “Sistema Solar”, a modo de repaso do Tema 1, no que aparece variada información ao respecto. Este documento inclúe un enlace a unha páxina web na que encontrarán máis información e onde os peques poderán explorar e investigar. O alumnado terá a posibilidade de facer uso dese documento da forma que lles resulte máis atractiva, é dicir, colorealo, recortalo e pegalo para elaborar un mural, un libro ou que máis lles interese.

LINGUA


Esta materia desenvolverase a través dunha plataforma educativa chamada QUIZLET.

Estará basicamente centrado no repaso de vocabulario.

Para acceder hai que premer no seguinte enlace:

<https://quizlet.com/88qvo7?x=1jqt&i=17wdt5>

Unha vez dentro, apareceravos esta imaxe e, na marxe esquerda, están as diferentes actividades a levar a cabo. A nosa recomendación é comezar por “Fichas”. A continuación, os rapaces poderán explorar e completar todas as actividades ao seu ritmo.



Posiblemente apareza un recadro para rexistrarse: non é obrigatorio; pero se podedes, sería aconsellable para deixar rexistrado o progreso dos nenos e nenas.

MATEMÁTICAS E LENGUA CASTELLANA

Consideramos que para traballar estas áreas, ademais de facer uso da Snappet, é convinte que os nenos e nenas traballen un pouco nas súas libretas o nunha folla que teñan á súa disposición. Polo tanto, deixámosvos unhas fichas con diferentes actividades que inclúen vídeos de repaso para facilitar a comprensión das mesmas.

Están organizadas para traballar ao longo da semana, ao seu mellor ritmo, e combinado coa aplicación de Snappet.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

A tarefa que se manda para esta semana xa foi explicada nas aulas, polo que o alumnado non debería atopar dificultades para entender o que teñen que facer.

Aclarar que a actividade consta de dúas partes:

- A primeira: montar as figuras xeométricas.
- A segunda: elaborar a “cometa”.

Polo tanto, nesta semana ímonos centrar só na primeira actividade.

A continuación, déixovos o deseño das figuras que os rapaces teñen que recortar, colorear e dobrar. Os puntos negros que se ven naos bordes mostran por onde hai que perforar para poder pasar o fío.

